



O novo router do operador galego permite navegar con velocidades similares ás que ofrece a fibra

R lanza Wi-Fi 7 para navegar 4 veces máis rápido

- *Wi-Fi 7 ofrece máis velocidade e maior capacidade de conexión, sen latencia nin cortes*
- *Permite unha navegación aínda máis veloz e fluída, sobre todo en contornas cunha demanda alta de largura de banda e moitos dispositivos conectados ao mesmo tempo*
- *Wi-Fi 7 é a opción idónea para gamers e streaming grazas a esas megavelocidades e á conexión máis estable e sen retardo desta tecnoloxía avanzada*
- *R mantense á vangarda do mercado e segue innovando para revolucionar a conectividade dos seus clientes con Wi-Fi 7*

Martes, 22 de outubro de 2024.- O operador galego **R** (grupo MASORANGE) lanza o seu novo **router Wi-Fi 7**, unha revolución da tecnoloxía sen fíos para fogares e negocios que lle abre a porta ás novas aplicacións do futuro. Con este lanzamento pioneiro, **R** sitúase de novo á vangarda no mercado español das telecomunicacións, como xa fixo cando lanzou servizos de rede avanzados como fibra con ata **10 Gbps** (XGSPON), **Wi-Fi 6E** ou **5G Stand Alone (SA)**.

R incluírá Wi-Fi 7 nos paquetes de alto valor e non implicará custo adicional. A nova oferta estará dispoñible para xa clientes/as e para quen queira selo (contratando o combo infinito con Netflix e Max).

Megavelocidades, máis capacidade e conexión máis estable

O *router* Wi-Fi 7 de **R** proporcionará **máis velocidade** de transmisión de datos (máis largura de banda), maior **capacidade de conexión** que mellorará o rendemento da rede (para conectar máis dispositivos á vez), máis **ahorro enerxético** (eficiencia) e maior **seguridade**.

O estándar de Wi-Fi 7 permite acadar velocidades de **ata 30 Gbps**, **catro veces máis** do que o seu antecesor, o Wi-Fi 6, ao que supera tamén á hora de conectar **todo tipo de dispositivos simultaneamente** sen problemas de congestión da rede, de latencia (retardo), paradas ou cortes (*buffering*), porque utiliza múltiples bandas ou enlaces ao mesmo tempo.

As características técnicas de Wi-Fi 7 poden ser claves, por exemplo, para xogos en liña, medicina remota, contornas de traballo con necesidade de múltiples conexións (oficinas, xestorías, etc.), transmisión de contidos en *streaming* de 4K e 8K ou outro tipo de aplicacións que precisen tempos de resposta moi rápidos (menor latencia), maior robustez e eliminación de interferencias.



equipo Sagemcom Gpon Fast 5674 wifi7.

Opción idónea para *gamers* e *streaming*

Ao reducir tanto a latencia, a experiencia para xogos en liña é óptima e a conexión máis estable. Estas vantaxes, unidas ás **megavelocidades** que se poden acadar con Wi-Fi 7, practicamente semellantes ás que se ofrecen co cable de fibra óptica, fan deste servizo innovador de última xeración a opción óptima para a actividade en alza dos/as *gamers* e todo tipo de visualizacións en *streaming*.

De feito, os dispositivos de última xeración que se están lanzando ao mercado, como a **Play 5** ou o **iPhone 16**, son compatibles con Wi-Fi 7.

Segundo **Mediatek**, un dos fabricantes de *chipset* wifi líderes nesta tecnoloxía, **a mellora en latencia pode chegar ao 80 % en contornas especialmente saturadas**, grazas aos beneficios da transmisión MLO (Multi-link Operation). MLO ofrece, ademais, **outras vantaxes** como redundar tráfico enviándoo polos distintos enlaces (bandas) ou seleccionar os máis lentos (2.4 GHz) para certos tipos de tráfico menos prioritario (correo, actualizacións de *software* en *background*) e os máis rápidos para os preferentes, os que demanden menor latencia ou maior largura de banda (videoconferencia, xogos en liña, etc.).

Alfredo Ramos, director de **R** e de MASORANGE en Galicia, explicou que “*continuamos traballando para mellorar aínda máis a conectividade dos nosos clientes cos últimos estándares do mercado que lles permitan gozar ao máximo dos servizos de telecomunicacións de vangarda e dos que están por vir. A tecnoloxía de Wi-Fi 7 chega a R en resposta á nosa arela permanente de seguir innovando, desta volta cun sistema de conexión ultrarrápido, de mínima latencia e gran capacidade*”.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e en servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica, superando xa a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos con esta tecnoloxía, a máis avanzada do mercado, e o 90 % da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

Dende abril de 2024 **R** forma parte de MASORANGE (+O), a compañía líder do sector das telecomunicacións no Estado por número de clientes/as con +37M de liñas entre móbil (+30M) e banda larga (+7,3M) e 2,3M de usuarios/as de televisión. MASORANGE é o operador con maior cobertura FTTH con +29M de fogares comercializables con fibra óptica, unha das mellores coberturas móbiles 4G (99 %) e 5G (máis do 85 %) en todo o territorio nacional. (R.gal)

comunicación R

prensa@mun-do-r.net

R.gal